

Xoán Piñeiro, do latexo do Morrazo ao solpor do Miño

A Fundación que leva o nome do escultor, natural de Nerga, puxo onte na súa lápida unha placa de bronce cun texto de homenaxe

david garcía cangas 17.06.2018 | 03:03

"Do Morrazo o latexo/ da ría de Vigo/ o marmurio paseniño/ e do Miño o acougo e o solpor". Con estas verbas, inscritas nunha placa de bronce colocada sobre a lápida do escultor Xoán Piñeiro, a fundación que leva o nome do artista quixo renderlle unha homenaxe e conmemorar os vinte anos da súa constitución. Unha inscrición que lembra que Xoán Piñeiro, nado na aldea de Nerga (O Hío), estivo ligado vitalmente a [Cangas](#), Vigo e ao Baixo Miño. O acto tivo lugar onte ao mediodía no cemiterio de Goián, na vila de Tomiño, onde repousan os restos do artista cangués.



Un momento do acto de onte no cemiterio de Goián. //Nó Comunicación e Cultura

A Fundación Xoán Piñeiro naceu hai xa 20 anos para potenciar a escultura en [Galicia](#), recollendo como valor o propio legado do escultor, que finou de maneira prematura no ano 1980 nun accidente de tráfico. Coa colocación desta placa de bronce a fundación quere sumarse á campaña xeralizada pola galeguización de rótulos e textos públicos. Pero vai moito máis aló. "Marca o inicio dunha nova etapa renovadora da Fundación Xoán Piñeiro e do seu padroado co fin de contribuír á dinamización do eido escultórico dentro do actual contexto galego", explican desde o propio padroado.

Paisaxes biográficas

Na inscrición que desde onte acompaña á lápida de Xoán Piñeiro reúnen as paisaxes biográficas do escultor. "Curiosamente moi relacionadas todas elas co [mar](#), e que deixou, a través das obras en pedra, madeira e bronce, a súa persoal visión e xeito de sentir a escultura e a vida", suliñan.

A Fundación Xoán Piñeiro incorpora tamén desde onte novos patróns para afrontar novas actividades, unha intensa programación relacionadas coa investigación en escultura con

maior alcance público, ademais da conservación do legado artístico do escultor cangués. Os novos patróns que se incorporan á entidade son Fernanda Padín Ogando, Camilo Franco Iglesias e o artista cangués Camilo Camaño Xestido.

O acto que tivo lugar onte no camposanto de Goián contou coa presenza dos poetas Francisco Álvarez "Koki" e Anxo Angueira, máis a música tradicional da zanfona de Xosé Bieito Álvarez Labariñas.

O padroado da Fundación Xoán Piñeiro afrontou recentemente unha renovación de cargos e Xesús Vázquez González pasa a asumir a presidencia e a dirixir os próximos proxectos.